



## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA.

De conformidade coas atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, e disposicións de aplicación

### RESOLVO

Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que se levará a cabo na Casa do Concello o 20 de febreiro de 2017, ás 8:45 horas, de conformidade coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1º) Aprobación, se procede, das actas anteriores correspondentes ás levadas a cabo os días 23 de xaneiro e 13 de febreiro de 2017.

2º) Urbanismo

2.a) Dación de conta de Comunicacións Previas de obras.

2.a.1) Dación de conta da comunicación previa de obras maiores (CP-005) presentada o día 1 de xullo de 2016 (registro nº 5839), por don Ricardo Boente Lahoz, en representación da Comunidade de Propietarios do edificio Fovisa, para levar a cabo obras de mantemento e conservación do edificio situado na rúa Amado Garra, 12, 14 e 16, r/ Virxen da Luz, 2, 4 e 6 e r/ Salvaterra, 25 e 27, con referencia catastral 0992001NG4609SO.

2.a.2) Dación de conta da comunicación previa de obras maiores (CP-005) presentada o día 23 de agosto de 2016 (registro nº 7175), por don Abelardo González Pérez, para levar a cabo o cambio de tella existente por tella cerámica nunha cuberta de vivenda unifamiliar situada no lugar de Albar, 6 Puzo, da parroquia de San Mateo, con referencia catastral 36042A061003970001FM.

2.a.3) ) Dación de conta da comunicación previa de obras menores (CP-004) presentada o día 3 de febreiro de 2017 (registro nº 759), por dona Raquel Presa Garrido, en representación da Comunidade de Propietarios do edificio Otero Pedrallo, para levar a cabo a construción dunha rampa para o acceso de minusválidos no edificio situado na r/ Magnolio, 3, con referencia catastral 0794015NG4609500.

2.b) Solicitud presentada por dona Eva Gil Mo, o 2 de setembro de 2016, interesando licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar situada no barrio de Puzo (San Mateo)

2.c) Corrección do erro material producido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 24 de outubro de 2016 (punto 2.i).

3º) Proposta da Concelleira de Tráfico e Seguridade, do 14 de febreiro de 2017, de incoación de expediente sancionador a don Alberto Marín Montoya, pola posible comisión dunha infracción á Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante.

4º) Dación de conta da Resolución ditada pola Deputación Provincial mediante a que aproban convenio de colaboración entre o Concello de Ponteareas e a Deputación de Pontevedra para a posta en marcha dunha oficina da Rede SmartPeme Pontevedra para a promoción empresarial e o emprendedurismo.



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

5º) Dación de conta de comunicacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

5.a) Dación de conta da comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, do 1 de febreiro de 2017 no expediente para a corta de 6 carballos no lugar de Chan de Montes (Padróns). Peticionaria: Irene López Táboas.

5.b) Dación de conta da comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, do 2 de febreiro de 2017 no expediente de modificación da autorización de verquido de augas residuais de Canteras de Cabernouro en Couso. Canteras Prebetong s.l.

6º) Dación de conta da transmisión do panteón nº 39, nichos B-D-F-H (parcela ZONA FONDO) do cemiterio municipal a favor de don Antonio Alvarez Alvarez.

7º) Propostas da Traballadora Social para axudas de emerxencia.

7.a) Proposta da traballadora social do 6 de febreiro de 2017 (expte. 042/008/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo subministro de enerxía eléctrica e equipamento básico en vivenda a favor de V.M.J.

7.b) Proposta da traballadora social do 13 de febreiro de 2017 (expte. 042/020/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer de vivenda, subministro de enerxía eléctrica e abastecemento de auga a favor de J.L.M.S.

7.c) Proposta da traballadora social do 9 de febreiro de 2017 (expte. 042/016/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda e subministro de enerxía eléctrica a favor de T.G.R.

7.d) Proposta da traballadora social do 8 de febreiro de 2017 (expte. 042/017/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda, subministro de enerxía eléctrica, gas e abastecemento de auga a favor de A.M.M

7.e) Proposta da traballadora social do 9 de febreiro de 2017 (expte. 042/019/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda e subministro de enerxía eléctrica a favor de C.C.Z.

7.f) Proposta da traballadora social do 9 de febreiro de 2017 (expte. 042/018/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda, subministro de enerxía eléctrica, gas e abastecemento de auga a favor de R.A.A.F.

7.g) Proposta da traballadora social do 14 de febreiro de 2017 (expte. 042/022/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda a favor de G.N.H.M.

Mándao e asinao o Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas dezasete de febreiro de dous mil dezasete.

Ante min  
Secretaria xeral,